

1 María Mariño



1907 / 1967

2007 Letras Galegas

## 2

## Cronoloxía

...NO TEMPO

María Mariño. Letras galegas 2007

## EN GALICIA

## MARÍA MARIÑO

## LITERATURA

1906: Fúndase a Real Academia Galega. Filomena Dato, Carmen Beceiro de Pato, Sofía Casanova, Emilia Calé, Sarah Lorenzana...son nomeadas correspondentes.

1907: Nace en Noia María Mariño Carou.

1916: Créase na Coruña a primeira das Irmandades da fala. Sae A Nosa Terra.  
1917: Inagúrase o monumento a Rosalía na Ferradura compostelá cunha homenaxe á escritora.

1911: *Cantares gallegos* de Leiras Pulpeiro.  
1913: *Sorrisas e bágoas* de Francisca Herrera.  
*No desterro* de R. Cabanillas.  
1917: Primeiro número de A Nosa Terra.

1922: Manifesto "iMáis alá!".  
1923: Fúndase o Seminario de Estudos Galegos.

1926: María Mariño trasládase coa familia a Escarabote (Boiro).

1920: Primeiro número da revista Nós.  
1926: *Dos arquivos do trasno* de Rafael Dieste.  
1927: *Arredor de sí* de Otero Pedrayo.  
1928: *De catro a catro* de Manuel Antonio.

1933: María Miramontes, fai un chamamento ás mulleres para que apoiem a causa galeguista.  
1936: Primeira Asociación de Escritores. Aprobación maioritaria do Estatuto de autonomía de Galicia.

1937: Guerra civil. Cerco de Bilbao. Coincide coa estancia de María Mariño na casa da súa irmá en Euskadi. María regresa a Escarabote.  
1939: María Mariño casa con Roberto Pose Carballido en Escarabote.

1933: *Nós, os inadaptados* de Risco

1941: Creación de ASTANO.  
1943: Fundación de FENOSA.  
1947: Otero Pedrayo emprega o galego nunha homenaxe a Lamas Carvajal.

1945: María Mariño trasládase a Elantxobe (Euskadi). Nace o seu fillo, que morrerá meses despois  
1946: María Mariño trasládase a Romeor do Caurel.  
1947: Morre a nai de María Mariño.

1944: Publícase en Bos Aires *Sempre en Galiza* de Castelao.  
1947: *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia.

1950: Morre Castelao.  
Fundación de Galaxia  
1958: Nacemento do grupo "Brais Pinto"  
1959: I Congreso da Emigración Galega en Bos Aires.

1953: María Mariño coñece a Uxío Novoneyra en Parada do Caurel.  
1958: María Mariño comeza a escribir palabra no tempo (segundo información de Uxío Novoneyra).

1950: *Dona do corpo delgado* de Cunqueiro. *Muiñeiro de brétemas* de Manuel María.  
1952: *Á lus do candil* de Ánxel Fole.  
1955: *Os eidos* de Uxío Novoneyra.  
1957: *Voce na néboa* de X. L. Méndez Ferrín.  
1959: *A esmorga* de E. Blanco Amor.

1963: Constitución do Consello da Mocidade.  
Primeiro día das Letras Galegas.

1963: Edítase "Palabra no tempo".  
1966: María Mariño escribe "Verba que comeza".  
1967: Morre María Mariño.

1961: *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas  
1962: *Longa noite de pedra* de Celso Emilio.  
*Elegías del Caurel* y otros poemas de Uxío Novoneyra.

1

María Mariño Carou, naceu en Noia un 8 de xuño de 1907. Filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou. Era a segunda de cinco irmáns. De familia humilde, as necesidades económicas non sempre lle permitiron acudir á escola, pódose a traballar como costureira polas casas para axudar á economía familiar.

O seu "cabelo negro e os seus ollos fermosos e expresivos", chamaban a atención dos veciños que a vían como unha moza reservada e distante, "unha persoa estraña e tal vez afastada do tempo histórico que lle tocou vivir".

Xerardo Agrafoxo. Historiador



Solar da Casa natal en Noia.



Escena de época en Noia.



2

Fuxindo da pobreza, trasládase coa súa familia a Escarabote en Boiro, toma contacto coa súa tía Consuelo Carou, que traballaba de cociñeira no Pazo das Torres de Goiáns. Pasa así uns anos transcendentales polo seu contacto cos libros que albergaba a biblioteca do Pazo.

3

En Boiro coñece ao que anos despois se convertería no seu home, un mestre santiagués que condicionaría o resto da súa existencia.

Finalizada a Guerra Civil, en 1939 casa con Roberto Pose Carballido, oito anos máis novo ca ela, nunha voda sen apenas testemuñas na igrexa de San Vicente de Lampón.


4

Roberto Pose Carballido é destinado a Elantxobe en Euskadi.

Alí tiveron un fillo, que faleceu prematuramente. Esta morte, á que se uniu a da súa nai Filomena e a do seu irmán Emilio, provocaría en María Mariño unha fonda depresión.

## información complementaria

### O PAZO DE GOIANS



Situado en Escaris, na desembocadura do río Coroño, está a Torre e Pazo de Goiáns. A torre é rectangular coroada por un miradoiro abalaustrado. Os seus predios estaban amurallados e dispoñían de calabozos. As fiestras son oxivais. Aquí residiu e creou historia unha das liñaxes máis sobresaíntes da nobreza galega. Foi asolada pola revolta Irmandiña e reconstruída máis tarde polo famoso arquitecto Domingo de Andrade no XVIII.

Concello e localidade da costa nordeste da provincia de Bizcaia a 50 km de Bilbao. Elantxobe sitúase na ladeira este da mole rochosa do Cabo Ogoño, que protexe o porto pesqueiro. A vila xurde en 1524 co porto pesqueiro, tomando certa importancia no século XVII como porto defensivo da costa vizcaína, que na actualidade ten uso como porto deportivo. Ata 1858 foi un barrio do veciño concello de Ibaranguelua.

### ELANTXOBE







# Biografía

Maria Mariño. Letras galegas 2007

## ...AO CAUREL



Aldea de Romeor do Caurel.




Enterro en Seoane do Caurel.



8

Xa enferma comeza a escribir de novo e compón a totalidade de poemas que conformarán a súa obra póstuma, Verba que comeza, onde amosa a súa angustia existencial ante a presenza da morte.



5

De regreso á Galicia e tras un tempo en Arzúa, instaláronse no Caurel, primeiro en Romeor e posteriormente en Parada, onde a escritora residiría o resto dos seus días.

6

En 1953 coñeceu a Uxío Novoneyra, quen se convertería nun forte estímulo para Maria Mariño comezar a escribir e a través do que superaría o isolamento en que vivía.

7

Segundo os datos facilitados por Uxío Novoneyra, escribira dúas obras en castelán que non se coñecen: *Los años pobres. Memorias de guerra e postguerra* e *Más allá del tiempo*.

## información complementaria

### O CAUREL

*A Serra do Caurel, no Sureste da provincia de Lugo, é o maior espazo natural galego. Reserva dalgunhas especies únicas e cunha altísima biodiversidade, O Caurel é un entorno singular para todos os amantes da natureza.*



#### PATRIMONIO NATURAL

**Devesas:** A Rugeira, Paderne, Romeor, Riocereixa, Fonteformosa.  
**Picos:** Formigueiros, Alto da Escrita, Taro Blanco...  
**Ríos:** Lor, Pequeno, Ferreiros, Selmo, Soldón...  
**Soutos:** Esperante, Seoane, Meiraos, Parada, Mostaz, Noceda...  
**Plegamentos,** afloramentos calizos....

#### PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

**Aldeas de montaña:** Esperante, Meiraos, Mostaz, Parada, Moreda, Mercurín, ...  
**Ferrerías:** Ferrería Nova.  
**Pallozas e hórreos:** O Cebreiro, Zanfoga...  
**Camiño de Santiago:** O Cebreiro - Hospitaís, Pontes, Alvarizas, Cabanas, Muiños, Presas...

#### PATRIMONIO HISTÓRICO


**Castros:** Torre, Mercurín, Cido, Vilar...  
**Minas e túneles** - acueductos romanos: Toca, Torubío, Romeor...  
**Castelos:** Carbedo.  
**Igrexas:** Esperante, Seoane, Meiraos.  
**Capelas:** Esperante, Piñeira, Carbedo,...

5

# A súa obra


## PUBLICADA

Maria Mariño. Letras Galegas 2007



2

En 1990 dáse a coñecer o segundo libro, **Verba que Comeza**, nunha edición de Carmen Blanco promovida por Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos e publicada polo Concello de Noia.



1

Uxío Novoneyra promove a publicación do seu primeiro libro: **Palabra no tempo**. Foi editado en 1963 pola editorial Celta de Lugo dentro da colección "Tesos Cumes". Foi o único libro publicado en vida da poeta.



3

A súa obra foi recompilada por Xerais no ano 1994 en **Obra Completa**. No estudo introdutorio, Victoria Sanjurjo Fernández, sitúa a súa lírica "na tradición popular nutrida na intimidade profunda de muller que acadou a madureza espiritual no momento en que se pon a escribir".



4

O editor Enrique Alvarellos vén de atopar a copia do libro "**Más allá del tiempo**" no arquivo persoal do xornalista lugués Juan Soto, quen llo cedeu para a súa publicación, dentro da colección Rescate do selo. Segundo o editor, o libro combina prosa e verso e revela moitas das incógnitas sobre a súa actitude diante da escrita.





## Palabra no Tempo

## Verba que Comeza

Aquí che deixo, meu peito canso, aquí"

Tiven medo de bogar"

Tiven medo de bogar,  
tiven medo de auga crara.  
Anque fora cuns bos remos  
anque fora na mar calma,  
¡non bogaba!, ¡non bogaba!  
O medo xa non sei del.  
Xa secou aquel mar longo.  
E sin saber donde veu,  
si é doutro ou é meu,  
navego nun mar de fondo.

Inda vou na mesma meniña"

Inda vou na mesma meniña  
aquela que fogueaba sin leito!  
¡Son aquela!  
¡Son aquela que no bosco  
escuitaba o himno dela!  
Son aquela mañanciña,  
entre orballo das rosas,  
entre area de sendeiros,  
onde atopaba a campana.  
Caladiña eu chamaba  
en berros que hoxe esquezo,  
cando o navío de lonxe  
o meu mar cheo atracaba.  
¡Son aquela!  
Son aquela tarde queda  
que no serán se chamaba  
miña aurora sin coores  
chea dun farto rebusco  
que en un xordo a min chegaba.  
¡Son aquela!  
Son aquela pena nubra  
que de mofo entrenzaba  
a lonxe voz do poeta,  
cando aínda non sabía  
que era para ela  
o que aquela voz narraba.  
¡Son aquela!  
Son aquela sempre soia  
que paseaba a ribeira  
a ver si nela atopaba,  
a ver si nela afogaba.  
Eu non sei,  
eu non sei son sinceira  
Eu sentía un lonxe triste,  
eu sentía nel ledicia,  
eu quería quedar soia,  
eu quería compañía,  
¡aquela que eu non sabía!  
Hoxe o sol enxuga a néboa.  
Os dous tecen amores.  
¡Han de saber algo dela!

Había que chegar, había que chegar pra ser"

Había que chegar, había que chegar pra ser.  
Había que deixar o que nacera,  
o que iba medrando.  
Había que deixalo.  
Había que chegar.  
Había que deixar a cume,  
cume de quenturas,  
cume que vive baixo a ponte das loitas,  
baixo remos que viven no olvido do ben,  
baixo a cruz que nos desina o tempo,  
baixo a terra que apresada nos vai decindo,  
nos di:  
"Había que chegar"  
De cando en cando a miña cume fala soia,  
volve ó seu e logra del,  
logra a resposta do vecín-peito enfermo,  
peito que se espaia recio pra aquel outro que non ten cura,  
peito feito dela que chega a nós,  
peito que volve a cume ó seu,  
súa infancia tecedeira,  
súa primeira mirada que veu luz,  
seu mañán en onte xa feito,  
seu día craro:  
toda a verdade das cousas.  
¡Anos poucos. Ouh!

Aquí che deixo, meu peito canso, aquí  
che deixo,  
aquí che deixo nestes branco papel trillado, neste  
percurso as horas.  
¿Quen eres -preguntaranche-, quen eres?  
Son a néboa que anda soia, son o sol  
que quenta as queixas, dos camiños  
son o farto,  
son o sono que rixe  
mundo que verte tempo,  
son o berro caladiño entre arranque-brío de sono morto.  
Das cousas que non se atopan  
tamén son,  
das ondas que soio van, van e van,  
delas son,  
de cando veñen e vein vindo  
delas son. Son o ledo daquel sono -terra de sin pisadas,  
soio remaxe das cousas-.  
Papel branco,  
trillado,  
papel,  
berra,  
berra entre os fortes  
desde onde as miñas verbas che magoan

# 7 Relacionouse con ...


María Mariño. Letras galegas 2007

## 1 "Guía cara os cumes do Courel"

Otero Pedraio

O libro publicado en vida *Palabra no tempo* levaba un prólogo de Otero Pedraio no que o ourensán dicía, "María Mariño pensou, cecais, si co seu exemplo e palabras poidera guiar leentes e ouvintes cara os cumes do Courel que levamos dentro" e "revelación dunha intimidade impresionante do ego da escritora cas cousas, de un desvelamento e senso tráxico do ser do tempo na serra".

Otero Pedraio dixo da súa obra que tiña un sentido tráxico



**N**a súa vida no Caurel, María Mariño tivo relación con figuras tan importantes da cultura galega como Manuel María, Uxío Novoneyra, Sixto Seco, Ramon Piñeiro, Anxel Fole, Augusto Assía, etc., todos engaiolados pola irrupción no mundo das letras dunha voz desacougante e insólita.

## 2 "Grave silencio enchido"

Anxel Fole

En 1965, María Mariño enviou un texto mecanoscrito de 108 páxinas a Anxel Fole, coa intención de pedirlle un prólogo para a súa publicación. Fole non chegou a escribilo e o texto "Más allá del tiempo" adquiriu a condición de inédito e perdido ate que o editor Enrique Alvarellos o atopou entre os papeis de Fole que forman parte do arquivo do xornalista Juan Soto.

## 3 "Dinamiteira da Fala"

Novoneira

**F**oi Novoneira o que coa súa forza natural, batizouna como "Dinamiteira da Fala".

El mesmo, desde a Asociación de Escritores en Lingua Galega e coa colaboración do asociacionismo cultural de Noia e Antón Avilés rescatou nos anos 80 a memoria desta poeta que ficara nas canles do coñecemento literario especializado. As súas obras completas en galego foron publicadas en 1994 por Xerais

## información complementaria

### QUEN É?

#### RAMÓN OTERO PEDRAIO



Ourense 1888 / Traslalba 1976. É unha figura clave nos diferentes fitos da nosa recuperación cultural no século XX: desde as páxinas da revista *Nos* á sección de Xeografía de

Galiza que dirixiu no Seminario de Estudos Galegos; como promotor do activismo político a través como parlamentario do Partido Galerista nas Cortes Constituíntes de 1931, como presidente da Editorial Galaxia a partir de 1950... etc. É senugar a dúbidas o noso escritor máis prolífico e plural.

#### UXÍO NOVONEIRA



Parada de Moreda, Courel 1930 / Compostela 1999. Fillo dunha familia de labregos, empezou a escribir poesía mentras estudaba bacharelato en Lugo. Logo trasladouse a Madrid para estudar

Filosofía e Letras. En 1951 regresa a Galicia e inicia as súas publicacións en galego. En 1962 volve a Madrid e traballa en programas de radio e TV. En 1983 afínase definitivamente en Santiago, cidade na que exerceu o cargo de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, ata a morte en 1999.

#### MANUEL MARÍA



Outeiro de Rei 1929 / A Coruña 2004. En 1942 trasladouse a Lugo para estudar o bacharelato e participa á idade de 20 anos, no ciclo de conferencias "Jóvenes valores lucenses". Nesta

primeira etapa publica *Muiñeiro de brétemas* (1950), co que se inaugura a denominada "Escola da Tebra". En 1958 instálase en Monforte como Procurador colaborando activamente na recuperación cultural. A súa obra literaria diversificase e multiplicase de acordo cos novos tempos: ensaio, narrativa, teatro... sen abandonar o cultivo da poesía.

#### ANTÓN AVILÉS VINAGRE



Boa, Noia 1935 / A Coruña 1992). O seu pai era Severiano Avilés, mariñeiro e a súa nai Manuela Vinagre, labrega, que tiveron outros tres fillos antes de nacer

Antón. Aos 15 anos publica o seu primeiro poema, en galego. Entre 1961 e 1980 emigrou a Colombia. De regreso a Noia, rexentou a *Tasca Típica*, organizou a *Sociedade Cultural Catavento*. Presidiu a Asociación de Escritores en Lingua Galega (1986) e ocupou o posto de concelleiro de cultura en Noia (1987-1991). En 2003 dedicóuselle o Día das Letras.



# 8 Unha vida... en fotos

*María Mariño. Letras galegas 2007*



SOLAR DA CASA NATAL EN NOIA

ESCARABOTE



LANTXOBE



MARÍA E ROBERTO




NA SÚA CASA




DOMIDA DO CAVALAL



O CAVALAL



LÁPIDA NO CEMITERO E PLACA EN NOIA



COAS AMIZADES



CEMITERO EN SEDANE





# 9 María Mariño por...

María Mariño. Letras galegas 2007

## OPINIÓNS

” Ana Romaní indaga na interrogación constante da súa obra, situada á marxe do sistema literario

” **Carme Blanco, estudosa da súa obra, dí que se trata dunha poética radicalmente intimista e unha linguaxe rupturista.**

” **María do Cebreiro asegura sobre os versos de Mariño que "é aínda máis misteriosa que a de Rosalía de Castro", dúas voces que compartiron a súa búsqueda individual na soidade.**

” **Méndez Ferrín di que os versos teñen unha grande forza expresiva e intimista.**

” **María Xesús Nogueira destaca o coñecemento indirecto da poeta a través de Novoneyra e o escurantismo e misterio da súa figura que a rodeou de certo escepticismo e mitificación.**

” **Miro Villar en A Nosa Terra, fala dos poemas finais de María Mariño, expectante ante a morte segura, "versos de desgarramento que chegan a ferir a nosa propia sensibilidade.**

## XORNAL

### LA NOCHE

1961: O 16 de maio Raimundo García "Borobó" publica o artigo "María Mariño. Invención de Novoneyra".

1965: O 2 de febreiro e o 3 de marzo X. L. Méndez Ferrín publica dous artigos; "A poesía de María Mariño. Un Idioma novo" e "A poesía de María Mariño. Un camiño novo"



## BOZ de GALICIA

1970: Victoria Armesto publica o artigo "Maruja". O 16 de agosto Miguel González Garcés publica o artigo "La poesía de María Mariño".



### HOJA del LUNES DE LUGO

1963: O 30 de decembro Ánxel Fole publica o artigo sobre María Mariño: "Grave silencio enchido".



## EN LIBROS

- 1976: *Poesía gallega de posguerra 1939-1975* de Miguel Gonzalez Garcés. Recolle poemas de María Mariño.
- 1971: *Adiós, maría* de Xohana Torres
- 1984: *Antología de la poesía gallega contemporánea* de Cesar Antonio Molina. Recolle poemas de María Mariño.
- 1991: *"María Mariño"* en *Literatura Galega* de Muller de Carme Blanco

# 10 Seguindo a Rosalía

María Mariño. Letras galegas 2007

# A

Real Academia Galega acordou dedicar o 17 de maio de 2007 á poetisa noíesa María Mariño, sendo a terceira muller recoñecida pola institución.

Na decisión da RAG pesou, ademais das peticións realizadas, o desexo de descubrir a esta muller que "polas circunstancias sociais e persoais nas que viviu fan que a súa poesía sexa de difícil acceso para o gran público".

A poesía de María Mariño Carou inspírase na tradición popular, con influencia rosaliana.

- / 1963 Rosalía de Castro / 1964 Alfonso Daniel Rodríguez Castelao / 1965 Eduardo Pondal / 1966 Francisco...
- / 1967 Manuel Curros Enríquez / 1968 Florentino...
- / 1969...
- / 1970 Marcial Valladares...
- / 1971...
- / 1972 / 1973 Rosalía de Castro. (Santiago 1837-Padrón 1885). O 17 de maio, Día das Letras Galegas é feriado por causa de ser a data de edición da súa obra Cantares Gallegos. / 1974 Xoán V. V. / 1975...
- / 1976 Ramón Cabanillas / 1977...
- / 1978 A. Ferreiro / 1979 Manuel Antonio / 1980 O Sabio
- / 1981...
- / 1982 Luis Amado Carballo / 1983 Manuel Leiras
- / 1984...
- / 1985 Antón Lozada Piélagos / 1986 A. Alvariño / 1987 Francisca Herrera Garrido / 1988 Ramón
- / 1989 Celso Emilio Ferreiro / 1990 Luis Pimentel / 1991
- / 1992 Fermín Bouza-Brey / 1993 Eduardo Blanco Amor /
- / 1994...
- / 1995...
- / 1996 Xesús Ferreiro / 1997
- / 1998...
- / 1999
- / 2000...
- / 2001...
- / 2002 Frei Martín Sarmiento / 2003...
- / 2004 Xaquín
- / 2005 Lorenzo Varela / 2006 Manuel Lugo Freire / 2007 María Mariño Carou /



Francisca Herrera Garrido (A Coruña, 1869-1950). Foi a primeira muller elixida académica da RAG.

1987



Rosalía de Castro. (Santiago 1837-Padrón 1885). O 17 de maio, Día das Letras Galegas é feriado por causa de ser a data de edición da súa obra Cantares Gallegos.

1963



María Mariño Carou. (Noia, 1907-O Caurel 1967). Poeta.

2007

# Letras galegas





# Actividades

María Mariño. Letras galegas 2007

## actividades

2 Cronoloxía		
La Galia	María Mariño	Ucrania
1800: Proclama a Real Academia Galega. Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1887: Nace en Barbanza Mariño.	
1850: Crea o Concello galego e o Instituto de Estudos Galegos. Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1891: Crea o primeiro do xénero "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1860: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1895: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1870: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1900: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1880: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1905: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1890: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1910: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1900: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1915: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1910: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1920: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1920: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1925: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1930: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1930: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1940: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1940: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1950: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1950: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1960: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1960: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1970: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1970: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1980: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1980: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
1990: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	1990: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
2000: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	2000: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
2010: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	2010: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	
2020: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	2020: Primeiro libro de poesía galega: "Obras completas de Rosalía de Castro".	

- ✓ ¿Cómo era a vida en Galicia a primeiros do século XX?
- ✓ Ubica nun mapa o Pazo de Goián.
- ✓ O Barbanza. Sinalar nun mapa a Comarca do Barbanza. As vilas máis importantes. Os monumentos megalíticos: Petroglifos, Dolme de Axeitos, Castro de Baroña...

### 3 Biografía

#### Do Barbanza

Esta María Mariño, como a súa avoa, Rosalía de Castro, foi unha poeta galega. Naceu en Barbanza, Galicia, o 18 de maio de 1887. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891.

- ✓ **Investiga.** O Mar como fonte de vida e de recursos económicos. A pesca e as súas artes. Os parques naturais: Dunas de Corrubedo, Lagoa de Vixán...
- ✓ **Investiga** que personaxes coñecidas son oriundas desta comarca
- ✓ Que foi a Revolta irmandiña?. Que personaxes destacarías?.

- ✓ Buscar información sobre a revolta dos irmandiños. Coñeces algún outro castelo ou Pazo de Galiza? Escribe algo sobre a súa historia.
- ✓ O Caurel como Parque Natural. Onde está?. Onde vive na última etapa na súa vida?
- ✓ Xogamos a ser poetas. Facemos un pareado que fale do mar e da montaña.

### 4 Biografía

#### Do Caurel

Esta María Mariño, como a súa avoa, Rosalía de Castro, foi unha poeta galega. Naceu en Barbanza, Galicia, o 18 de maio de 1887. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891.

- ✓ Escribe o título das súas obras en galego?
- ✓ Constrúe frases coas palabras: cores-chegaba, atopar-néboa, medrar-nacer
- ✓ Falar sobre o significado das palabras que aparecen nos poemas de María Mariño: loitas-bogar-rebusco-cheo-esquezo

### 5 A súa obra

#### Publicado

Esta María Mariño, como a súa avoa, Rosalía de Castro, foi unha poeta galega. Naceu en Barbanza, Galicia, o 18 de maio de 1887. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891.

### 6 A súa obra

#### Verbo

Palabra no Tempo

Verba que Comeza

Aquí che deixo, meu pequeno amigo, unhas palabras que comezan así:

Hai un tempo que fago unhas palabras que comezan así: "H" e "V". Hai un tempo que fago unhas palabras que comezan así: "H" e "V". Hai un tempo que fago unhas palabras que comezan así: "H" e "V".

- ✓ Buscar nomes, verbos e adxectivos nunha das poesías de Verba que Comeza.
- ✓ Busca no dicionario: bogar, orballo, nubra, magoar, tecedeira, trillar. Fai frases.
- ✓ Cantos anos tiña María Mariño cando se editou "Palabra no Tempo"? Con que autores galegos se relaciona?

### 7 Relacionouse con ...

Esta María Mariño, como a súa avoa, Rosalía de Castro, foi unha poeta galega. Naceu en Barbanza, Galicia, o 18 de maio de 1887. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891.

- ✓ Realiza sobre un mapa o percorrido vital de María Mariño, desde Noia a Seoane do Caurel. Sinala nun mapa de España as comunidades nas que viviu.
- ✓ Noia. Sinala os monumentos e rúas máis importantes do concello no que naceu María Mariño.

- ✓ Fai unha redacción: "Se eu fora escritora... se eu fose escritor"
- ✓ Describe a María Mariño.
- ✓ Sopa de letras cos souts do Caurel.
- ✓ Sopa de letras dos escritores relacionados.
- ✓ Recolle noticias nos xornais sobre María Mariño.

### 8 Unha vida... en fotos

Esta María Mariño, como a súa avoa, Rosalía de Castro, foi unha poeta galega. Naceu en Barbanza, Galicia, o 18 de maio de 1887. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891.

- ### RESUME
- ✓ Le a bibliografía e contesta: Onde e cando naceu María Mariño? Por qué non podía asistir todos os días á escola? En que traballou cando era moi nova? Por qué foi importante para ela o paso polo Pazo de Goián? Con quen casou? A que se adicaba o seu home? Por qué tivo unha forte depresión?

### 9 María Mariño por...

Esta María Mariño, como a súa avoa, Rosalía de Castro, foi unha poeta galega. Naceu en Barbanza, Galicia, o 18 de maio de 1887. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891. Foi unha das primeiras escritoras galegas. O seu primeiro libro de poesía foi "Obras completas de Rosalía de Castro" en 1891.